



https://printo.it/pediatric-rheumatology/ES_GL/intro

Síndromes de dor nas extremidades

Versión de 2016

6. Síndrome de hipermovibilidade benigna

6.1 Que é?

Os nenos con hipermovibilidade teñen articulacións máis laxas do habitual, polo que tamén se denomina laxitude articular. Algúns nenos poden experimentar dor. A síndrome de hipermovibilidade benigna (SHB) fai referencia aos nenos que presentan dor nas extremidades debido a un aumento na mobilidade (rango de movemento) das articulacións, sen ningunha enfermidade asociada ao tecido conectivo. Por tanto, a SHB non é unha enfermidade, senón unha variación da normalidade.

6.2 Como é de frecuente?

A SHB é un trastorno extremadamente frecuente en nenos e novos, presentándose entre o 10 e 30% dos nenos menores de 10 anos de idade e, en particular, en nenas. A súa frecuencia diminúe coa idade. Adoita presentarse en familias.

6.3 Cales son os síntomas máis habituais?

A hipermovibilidade adoita dar lugar a dores intermitentes, profundas e recorrentes ao final do día ou durante a noite nos xeonllos, os pés ou os nocellos. Nos nenos que tocan o piano, o violín, etc., tamén pode afectar os dedos. A actividade e o exercicio poden desencadear un incremento da dor. En raras ocasións, pode presentarse inflamación leve da articulación.

6.4 Como se diagnostica?

O diagnóstico realízase en base a un conxunto de criterios que cuantifican o movemento da articulación e a ausencia doutros signos de enfermidades do tecido conectivo.

6.5 Como se trata?

O tratamento necesítase en moi raras ocasións. Se o neno xoga a deportes con impactos repetitivos, como o fútbol ou a ximnasia, e desenvolve escordaduras ou torceduras recorrentes, debe usarse un reforzo muscular ou protección articular (vendaxes elásticas ou funcionais, manguitos).

6.6 Como afecta ás actividades cotiás?

A hipermobilidade é un trastorno benigno, que tende a resolverse coa idade. As familias deben ser conscientes de que o principal risco deriva de evitar que o neno leve unha vida normal.

Debe animarse ao neno a que manteña un nivel normal de actividade, incluído participar en calquera deporte que lle interese.